



Lugar Sobral,26 – Santo André de Xeve  
36150 Pontevedra  
Tel. 618 742 455  
Email: [anpa.stoandredexeve@nontedurmas.org](mailto:anpa.stoandredexeve@nontedurmas.org)

Estimadas familias socias:

De acordo cos estatutos da asociación o mandato da Xunta Directiva dura dous anos, que por mor da pandemia orixinada pola COVID-19 e as medidas restritivas sanitarias non se puido levar a cabo no ano 2020, polo que se decidiu continuar en funcións ata que as medidas o permitisen.

Polo tanto, levantadas todas as restricións impostas, procedemos a convocar de novo eleccións, que terán lugar na Asamblea Xeral Ordinaria de fin e curso.

Estas son as datas para o proceso:

- Presentación de candidaturas: **do 18 ao 28 de maio de 2022, ata as 23:59 horas**. As candidaturas enviaranse por email á dirección [anpa.stoandredexeve@nontedurmas.org](mailto:anpa.stoandredexeve@nontedurmas.org) co asunto “*Candidatura Xunta Directiva ANPA*”. Deberán incluír os nomes e apelidos das persoas candidatas e o seu NIF, e o apelido dos seus fillos para que podamos consultar con facilidade na nosa base de datos se esas persoas son socias da ANPA.
- Publicación das listas de candidatas/os: o 30 de maio de 2022, na web do CEIP Santo André de Xeve e por ABALAR.
- Reclamacións ás listas: do 31 de maio ao 1 de xuño de 2022, enviando correo á dirección de email da ANPA, ata as 23:59 horas.
- Celebración de elección e recuento de votos: **o 3 de xuño de 2022** na Asamblea Xeral Ordinaria, cuxa convocatoria se enviará proximamente por ABALAR.
- Publicación de resultados: o 6 de xuño de 2022 na web do CEIP Santo André de Xeve e por ABALAR.

Se tedes algunha dúbida, estamos a vosa disposición.



**SOCIOS E SOCIAS DA ANPA XEVE**